

Estimados pais/nais:.

Xa estamos no terceiro trimestre deste ano escolar. Chegouvos información escrita do traballo dos vosos fill@s: *As notas do primeiro e segundo trimestres.*

A estas alturas do curso quizáis sexa un bo momento para facer algunhas consideracións:

- Se a información dos seus fill@s é boa e satisfactoria...

¡NORABOA!

Felicitacións polo esforzo feito e os resultados.

- Se a información non é tan boa, pregúntese...

Que está pasando? Por que?

Fale cos seu fill@, escoite as súas razóns.

Pregúntese vostede mesmo se ata o momento e de forma axeitada axudou naqueles aspectos que inciden directamente no estudio:

-Controlando o tempo de traballo na casa.

-Valorando na súa medida o esforzo do nen@.

-Manténdose en contacto co/coa titor/a.

-Adicando tempo para estar co seu fill@...

E agora que?

As dificultades que van aparecendo poden usarse para reflexionar e cambiar a maneira de actuar.

Na vida dun nen@, as notas son importantes, pero non son o único.

Confíe nel/a e fagan xuntos un plan de traballo e compromiso.

Os nenos estánse educando, están aprendendo e precisan sobre todo:

Que vostedes e nós esteamos ao seu lado para..

AXUDARLLES

ESIXIRLLES E APOIALOS



RECURSOS WEB:

Recordamos que todos estes recursos poden ser de gran utilidade sempre que se usen de forma racional e coherente. Esixe un control, o uso destes recursos, por parte das familias.

***Interpeques**, espacio web pensado para uso infantil y educación primaria.

***Proyecto Cifras**, recursos de matemáticas do MEC para educación primaria.

***Proyecto Aprender**, recurso do MEC sobre necesidades educativas especiais para educación primaria.

***Educ@lia**, páxina obra social “Fundación La Caixa” con recursos educativos para educación primaria y secundaria.

***Museo del niño**, creado en 1989 co obxectivo fundamental de rescatar, custodiar, estudar e expoñer cantos testimonios teñen que ver coa historia da infancia e da educación.

***Internenes**, portal educativo con numerosos recursos para educación infantil y primaria.

***Tebytib**, interesante web infantil e xuvenil con recursos moi variados.

***Vindel**, xera os teus cadernos de matemáticas para primaria e secundaria, fichas de comprensión lectora e de caligrafía, crucigramas, sopas de letras, exercicios de completar textos.



Materiais para a titoría II



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada y sus Contornos

Estás no 3º trimestre do curso:


XA NON PODES AGARDAR MÁIS!



É o momento de que tomes unha decisión importante.

“Quero aproveita-lo tempo e traballar coa fin de obter uns bos resultados”.

Se xa estás convencido diso...



¡ADIANTE!

De seguido tes algunhas suxerencias que che poden ser de utilidade para conseguilo:

1.- Mantén na clase unha actitude de respecto cos mestres e compañeiros.



2.- Presta atención as explicacións e pregunta todo aquilo no que teñas dúbidas.

3.- Estudia todos os días e fai as tarefas encomendadas.

4.- Ten os cadernos, apuntes e materiais en xeral ordenados e ao día.

5.- Planifica o tempo de estudo para que che queden algunhas horas libres.

6.- Pensa que os estudos son, neste momento, o teu traballo.



7.- Se tes algún problema ou situación que che preocupe fala co teus pais, profesores, orientadora,...

Lembra que á hora de valorar o teu traballo non só se van a ter en conta as preguntas que saibas dun control ou os problemas que resolvas.



Senón que tamén se vai a ter en conta:

-A túa actitude na clase.

-A participación.

-O interese que demostres.

-O teu propio esforzo.

-A disciplina.

AO REMATE DO CURSO, A NOTA MÁIS IMPORTANTE VAI SER A QUE TI TE POIDAS POÑER, DE MANEIRA XUSTA, A TI MESMO.

¡PÉNSAO, ESTÁS A TEMPO!

